

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

REGULAMENTO DE PROTOCOLO, CERIMONIAL, HONRAS E DISTINCIÓNS

A N U N C I O

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación inicial do REGULAMENTO DE PROTOCOLO, CERIMONIAL, HONRAS E DISTINCIÓNS , aprobado pola Corporación Municipal en sesión plenaria do 19 de xullo de 2016 queda elevado o acordo a definitivo ,cuiro téxto íntegro é o seguinte:

Regulamento de Protocolo, Cerimonial, Honras e Distincións do Concello de Ponteareas, do literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En uso das potestades regulamentarias e de autoorganización recoñecidas a todo municipio no artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, conforme ao disposto nos artigos 41.1 e 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro), o Concello de Ponteareas dótase do presente Regulamento de protocolo, cerimonial, honras e distincións do Concello de Ponteareas, completando no ámbito municipal o disposto no Real decreto 2099/1983, do 4 agosto, que aprobou o Ordenamento xeral de precedencias do Estado, e a Lei 11/1998, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

TÍTULO I. OBXECTO

Artigo 1. O presente “Regulamento de protocolo, cerimonial, honras e distincións do Concello de Ponteareas” ten por obxecto regular os actos públicos que o Concello organice no termo municipal de Ponteareas, así como as honras e as distincións que o Concello de Ponteareas poderá outorgar.



TÍTULO II. SIMBOLOXÍA

Artigo 2. Emblemas corporativos

1. A insignia que os señores/as concelleiro/as ostentarán nos actos corporativos solemnes que determine o presidente da Corporación Municipal, como distintivo do seu cargo, será a medalla corporativa.

2. A medalla corporativa, en prata dourada e en forma de cartela, terá unhas dimensións máximas de 6x 4,5 centímetros, e coroa corpórea articulada. No anverso levará o escudo do municipio, superposto en esmalte e no reverso, óvalo en esmalte sobre fondo azul, coa inscrición “ Concello de Ponteareas”. Penderá dun cordón trezado, branco e azul.

3. O uso da medalla será obrigatorio, cando o dispoña o/a presidente/a, nos actos nos que o Concello asista corporativamente ou en comisión. Tamén poderá ser utilizada individualmente polos membros da Corporación nos actos aos que asistan en virtude da súa representación. A medalla corporativa entregaráse a cada concelleiro/a no acto da súa toma de posesión.

4. O/a presidente/a, ademais dos distintivos referidos no parágrafo anterior, poderá usar nos actos públicos aos que asista un baston de madeira “nobre” con cordonciño branco e ouro, borlas douradas, axustador morado e puño de ouro, no que figurará en esmalte o escudo do municipio de Ponteareas.

Artigo 3. Reposteiros municipais

Os reposteiros municipais figurarán no balcón da Casa do Concello co gallo das festas patronais, festas locais e naqueles actos que pola súa relevancia aconsellen un maior ornato.

TÍTULO III . A CORPORACIÓN E OS SEUS MEMBROS

Artigo 4. Tratamentos

1. O alcalde-presidente ou a alcaldesa-presidenta do Concello de Ponteareas terá o tratamento de “señor/a”. Respetaranse, non obstante, os tratamentos que respondan a tradicións recoñecidas polas disposicións legais, segundo se desprende do artigo 33 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.



Artigo 5 . Orde de precedencia interna da Corporación Municipal

Sen prexuízo do disposto no Real decreto 2099/1983, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento sobre o ordenamento xeral de precedencias no Estado, nos actos oficiais aos que asista a Corporación Municipal, ou algún dos seus membros, establécese a seguinte orde:

1. Alcalde/sa.
2. Tenentes de alcalde/sa , pola súa orde.
3. Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local, pola súa orde de nomeamento.
4. Concelleiros/as do grupo de goberno ordeados de maior a menor representación municipal, pola orde de lista electoral.
5. Concelleiros/as dos demais grupos políticos, pola súa orde electoral e ordenados de maior a menor representación municipal.

Artigo 6. Nos actos cívicos de carácter municipal nos que participe a Corporación, o alcalde ou alcaldesa presidirá a comitiva, e seguirase a orde de precedencia que se establece no artigo anterior deste regulamento.

Artigo 7. Ex-alcaldes/as presidentes/as da vila de Ponteareas

Cando aos actos oficiais asistan ex-alcaldes/as-presidentes/as da vila de Ponteareas, situaranse a continuación do último membro da Corporación Municipal e ordenaranse de acordo coa data do seu cesamento, comezando polo máis antigo.

Artigo 8.

1. Os membros da Corporación deberán asistir a todos os actos oficiais solemnes organizados por ela e, en caso de non asistir, deberán escusar a súa ausencia.
2. As invitacións a tales actos serán cursadas polo/a presidente/a da Corporación, excepto cando no acto participe outra Corporación ou Administración pública; neste caso, farase conxuntamente.
3. O Departamento de secretaría, de conformidade coas instrucións que reciba da Alcaldía ou do/da concelleiro/a responsable do que dependa, confeccionará e remitirá a todos os membros da Corporación, coa antelación necesaria, as instrucións específicas que haxan de rexer cada acto público concreto, cando a súa importancia así o aconselle.



Artigo 9. Asistencia doutras persoas relevantes no ámbito municipal

Nos actos municipais aos que asistan persoas que ostenten algúns dos títulos ou distincións que se regulan neste regulamento serán ordenadas pola autoridade que organice o acto, situándoas no lugar preferente que resulte procedente.

Artigo 10. Presidencia dos actos

1. De conformidade co establecido na lexislación vixente, correspóndelle ao alcalde ou alcaldesa presidir todos os actos públicos, calquera que sexa o seu carácter, que se celebren no termo municipal de Pontearreas. O resto das autoridades distribuiranse en función da súa precedencia.

2. A presidencia dos actos corporativos e municipais, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio das atribucións do/da alcalde/sa, corresponderalle ao tenente de alcalde/sa que, pola orde do seu nomeamento, haxa de substituílo/a legalmente nos termos sinalados no artigo 47 do ROF, e gozará da precedencia recoñecida á máxima autoridade municipal.

3. A persoa que represente nun acto ao alcalde ou alcaldesa non gozará da precedencia recoñecida a esta autoridade, senón da que lle corresponda polo seu propio rango. Por tratarse de supostos distintos, esta norma non será de aplicación nos casos de substitución legal a que se refire o parágrafo anterior deste regulamento.

4. Cando a un acto público municipal concorran autoridades da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, ou de organismos ou entidades públicas ou privadas, estarase ao disposto no Real Decreto 2099/1983, do 4 de agosto, e nas disposicións propias da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a materia.

5. Nos actos propios organizados por unha concellería delegada que non presida o alcalde ou alcaldesa, ostentará a presidencia, por delegación deste/a, o/a concelleiro/a responsable da área que o organice. Cando o acto sexa presidido polo alcalde ou alcaldesa, o/a concelleiro/a acompañará á primeira autoridade municipal na presidencia.

6. Os/as concelleiros/as que asistan aos actos públicos municipais, do carácter que sexan, e non ocupen lugar na presidencia, situaranse nun lugar preferente que sinalará quen presida o acto.



Artigo 11. Outros criterios de ordenación

1. Calquera autoridade ou institución non comprendida neste regulamento que asista a un acto oficial de carácter xeral será ordenada pola autoridade que organice o acto, que a situará no lugar que lle corresponda, en virtude das normas estatais e da comunidade autónoma que resulten de aplicación.

2. En caso de non estar contempladas, correspóndelle á autoridade que organiza o acto sinalar o lugar que estime conveniente. Como norma xeral, terase en conta o criterio de antigüidade na súa creación ou fundación e prevalecerá o carácter electivo sobre o nominativo.

TÍTULO IV. IRMANDAMENTOS

Artigo 12. As propostas de irmandamento con outra cidade, vila ou municipio, así como a aceptación, no seu caso, requirirán o acordo do Pleno, logo do expediente incoado pola Alcaldía, no que se farán constar as razóns que o motivan e a súa oportunidade e elevando a proposta á Comisión Informativa de Réxime Interior segundo o procedemento establecido no Título VII. Aprobada a proposta, sinalarase o lugar e data da sinatura do irmandamento, procurando que se celebren dúas cerimonias consecutivas nas dúas sedes corporativas. Para tales efectos, teranse en conta as regulamentacións existentes, ou que existan en diante, de ámbito supramunicipal.

TÍTULO V. LIBRO DE HONRA

Artigo 13. Para deixar constancia das visitas que ao municipio fagan importantes personalidades, o Concello disporá dun Libro de Honra no que se invitará a asinar ás personalidades que determine o alcalde ou alcaldesa.

TÍTULO VI. HONRAS E DISTINCIÓNS*Artigo 14. Obxecto*

- Este regulamento ten por obxecto normalizar a concesión de distincións honoríficas e condecoracións que, co fin de premiar os méritos específicos, feitos sobresaíntes, calidades, circunstancias singulares ou servizos extraordinarios prestados ao Concello de Ponteareas por persoas ou institucións, poderán ser outorgados polo Pleno da Corporación.
- Ningún distintivo ou nomeamento dos que se contemplan neste regulamento poderá outorgarse a persoas que desempeñen altos cargos na Administración e



respecto dos cales a Corporación se atope en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo, mentres subsistan estes motivos.

- Todas as distincións terán carácter exclusivamente honorífico e non outorgarán, en ningún caso, dereitos administrativos ou económicos, nin potestades para intervir no goberno e administración do municipio.
- Todos os diplomas, títulos, nomeamentos ou medallas redactaranse en lingua galega. O seu emprego será obrigatorio nos actos solemnes de entrega ou mención. Naqueles casos que fosen concedidos a persoas ou entidades non galegas tamén irán redactados na súa lingua de orixe.
- As distincións e condecoracións que con carácter oficial poderá conferir o Concello de Ponteareas, para recoñecer e dar público recoñecemento por accións ou servizos extraordinarios son as seguintes:

Título de Fillo/a Predilecto/a

Título de Fillo/a Adoptivo/a

Medalla do Corpus Christi

Nomeamentos de rúas, prazas, parques e edificios públicos

Mención Honorífica Especial

Artigo 15. Fillo/a Predilecto/a de Ponteareas

1.—O título de Fillo/a Predilecto/a de Ponteareas poderá ser concedido a calquera persoa nacida no termo municipal de Ponteareas que sobresaia, de maneira extraordinaria, polas súas calidades persoais, profesionais e, particularmente, polos seus servizos en beneficio da mellora ou honra da vila, tendo acadado prestixio e consideración xeral nos diferentes eidos da sociedade.

2.—Unha vez aprobada polo Pleno da Corporación a concesión do título de Fillo/a Predilecto/a por maioría de dous terzos, o/a alcalde/sa de Ponteareas acordará a data na que se reunirá de novo a Corporación para proceder, en acto solemne, á entrega do título no Salón de Plenos da Casa do Concello, ou en calquera outro lugar que as circunstancias aconsellen.

3.—O título de Fillo/a Predilecto/a de Ponteareas terá carácter vitalicio e constitúe a maior distinción do Concello de Ponteareas. Por este motivo empregaranse na súa concesión criterios moi restritivos.



4.—Os seus titulares terán dereito a ocupar un lugar preferente nos actos organizados polo Concello. Para estes efectos, o/a alcalde/sa dirixiralles ás persoas agraciadas con este título unha comunicación oficial na que se lles indicará o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade, convidándoas a asistir.

5.—Este nomeamento poderá concederse a título póstumo nos supostos de concorreren na persoa falecida os requisitos esixidos ao respecto.

6.—Outorgarase un máximo dunha distinción por ano, salvo que concorran circunstancias de índole especial que aconsellen un número distinto, e deberá ser aprobado por maioría de dous terzos do número legal de membros do Pleno da Corporación.

7.—A medalla de Fillo/a Predilecto/a, en prata dourada e en forma de cartela, terá unhas dimensións máximas de 6x4,5 centímetros, e coroa corpórea articulada. No anverso levará o escudo do municipio, superposto en esmalte e, no reverso, óvalo en esmalte sobre fondo azul, coa inscrición “Concello de Ponteareas”. No reverso levará a lenda Fillo/a Predilecto/a do Concello de Ponteareas. Penderá dun cordón trenzado, branco e azul.

8.—O diploma acreditativo do nomeamento conterá as lendas que se determinen no Anexo I deste regulamento.

Artigo 16. Fillo/a Adoptivo/a de Ponteareas

A concesión do título de Fillo/a Adoptivo/a de Ponteareas poderá concedérselle ás persoas que, sen ter nacido no termo municipal, teñan con Ponteareas un vínculo moi especial e reúnan as circunstancias sinaladas no artigo anterior, seguindo o mesmo procedemento e debendo aprobarse por igual maioría de dous terzos do número legal de membros do Pleno da Corporación.

A medalla de Fillo/a Adoptivo/a, en prata dourada e en forma de cartela, terá unhas dimensións máximas de 6x4,5 centímetros, e coroa corpórea articulada. No anverso levará o escudo do municipio, superposto en esmalte e, no reverso, óvalo en esmalte sobre fondo azul, coa inscrición “Concello de Ponteareas”. No reverso levará a lenda Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Ponteareas. Penderá dun cordón trenzado, branco e azul.

O diploma acreditativo do nomeamento conterá as lendas que se determinen no Anexo I deste regulamento.

O nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a terá a mesma consideración e xerarquía que o de Fillo/a Predilecto/a.



Artigo 17. Medalla do Corpus Christi

a) A Medalla do Corpus Christi é unha recompensa municipal para premiar os méritos extraordinarios que concorren nas persoas vinculadas directamente na elaboración das alfombras na festa local do Corpus Christi.

b) A medalla terá o carácter de condecoración e asignarase o dito mérito seguindo os criterios e protocolo que figure, de habelo, no Regulamento dos Alfombristas de Ponteareas. De non existir tal regulamento, será aprobado en Pleno da Corporación a proposta dos Tramos de Alfombreiros.

c) As medallas outorgadas virán dadas polo número de alfombras participantes de xeito habitual no circuíto predeterminado, segundo o Regulamento de Alfombristas de Ponteareas, de habelo.

d) A imposición de medallas farase en acto oficial no Auditorio “Reveriano Soutullo” ou en calquera outro lugar que as circunstancias aconsellen.

e) A Medalla do Corpus Christi imporase pendurada do pescozo, suxeita cun cordón.

f) As características, as dimensións e o deseño da Medalla do Corpus do Concello de Ponteareas determínanse no Anexo I.

Artigo 18. Denominacións de espazos públicos, parques, prazas, avenidas, rúas e edificios públicos

- O Pleno do Concello de Ponteareas poderá designar unha vía pública, un complexo urbano ou unha instalación municipal co nome dunha persoa, recoñecendo con iso especiais merecementos ou servizos extraordinarios, por iniciativa do goberno municipal, por algún dos grupos políticos da Corporación ou a petición de outro sector social.
- Os acordos para a denominación de espazos ou edificios públicos, adoptaranse logo da tramitación do expediente establecido no Título VII do presente regulamento e despois de oír a comisión informativa que corresponda.
- O cumprimento dos acordos anteriores realizarase nun acto público anunciado previamente.

Artigo 19. Mencións especiais do Concello de Ponteareas

1. O Concello, mediante a proposta do/da Sr./Sra. alcalde/sa, poderá conceder mencións especiais a aqueles veciños/as que, polas súas calidades, merecementos ou actitudes, relacionados co acontecer diario de Ponteareas, ou con especiais circunstancias da súa



propia vida, se fagan acredores destas. Adoptaranse logo da tramitación do expediente establecido no Título VII do presente regulamento e despois de oír a comisión informativa que corresponda.

2. A mención farase pública en sesión plenaria, no momento da súa apertura, coa exposición de motivos polo propio alcalde ou alcaldesa. Aparecerá esta mención na acta da sesión e daráselle traslado á persoa interesada ou familiares máis directos.

TÍTULO VII. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE HONRAS E DESTINCIONS

Artigo 20. Para a concesión de todas as honras e distincións honoríficas que neste regulamento quedan establecidas, o Concello terá que instruír o oportuno expediente para o efecto, que servirá para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a concesión.

Artigo 21. A tramitación para outorgar calquera das distincións deberá ser secreta. Así mesmo, non poderá darse ningunha información ou certificación ata que o acordo sexa firme. O procedemento iníciase por decreto da Alcaldía, ben por iniciativa propia ou por requirimento dalgún membro da Corporación ou sector social.

Artigo 22. Todas as iniciativas e suxestións para a aplicación do presente procedemento dirixíranse por escrito, con carácter reservado á Alcaldía.

No decreto de iniciación nomearase un instrutor e un secretario. O instrutor ordenará a práctica de cantas probas e actuacións condúzan á precisión dos méritos da persoa proposta e, unha vez rematadas as actuacións, elevará unha proposta á Comisión Informativa de Réxime Interior, constituída para estes efectos en Comisión Especial de Honras e Distincións.

Artigo 23. A Comisión Especial de Honras e Distincións, que poderá aplicar unha información complementaria, determinará co voto favorable dos dous terzos dos seus membros o título, distinción ou condecoración que se lle debe outorgar á persoa homenaxeada.

Artigo 24

1. Cando estea rematada a instrución do expediente ou, no seu caso, o prazo concedido para o efecto, este será remitido á Alcaldía coa proposta-dictame correspondente. Se non existe acordo da Comisión, a Alcaldía poderá arquivalo, ordenar as prácticas de novas dilixencias ou elevar o expediente ao Pleno coa súa proposta.

2. Os acordos decididos polo Pleno nestas materias deberán contar co voto favorable dos dous terzos dos/as concelleiros/as membros da Corporación.



Artigo 25. No caso de que o acordo ou resolución fose negativo, non se expedirá ningunha copia ou certificación nin se empregarán os informes e antecedentes para finalidades alleas, baixo a responsabilidade de quen infrinxa este precepto.

Artigo 26. Por razón de urxencia e oportunidade, con carácter excepcional e sempre que os méritos da persoa homenaxeada fosen notorios, o/a presidente/a da Corporación Municipal, por iniciativa propia ou a pedimento de calquera grupo ou sector social, poderá someterlle directamente ao Pleno a proposta razoada do outorgamento do título, condecoración ou distinción correspondente. O acordo de concesión deberá ser acadado coas maiorías sinaladas no artigo 24.

TÍTULO VIII. LIBRO DE REXISTRO DE DISTINCIÓNS HONORÍFICAS E PUBLICACIÓN NA WEB MUNICIPAL

Artigo 27. A Secretaría da Corporación coidará de que se leve un libro de rexistro dividido en tantas seccións como sexan as honras, condecoracións e distincións establecidas no presente regulamento, no que se inscribirán cronoloxicamente as persoas favorecidas, a data da súa concesión e unha pequena biografía cos méritos máis importantes da súa traxectoria.

Artigo 28. Publicación na web municipal dos cargos honoríficos

O Concello de Ponteareas publicará na páxina web institucional unha relación das persoas galardoadas coa distinción de fillos/as predilectos/as, fillos/as adoptivos/as e demais mencións honoríficas, nos que apareza reflectido, como mínimo, o seu nome completo, a data do seu nomeamento e unha biografía cos méritos máis importantes da súa traxectoria.

TÍTULO IX. LOITO OFICIAL E OUTRAS HONRAS FÚNEBRES

Artigo 29. Declaración de loito oficial

1. O Concello poderá declarar loito oficial no temo municipal durante os días que estime oportuno, nos supostos de falecemento de persoas relevantes para a localidade ou de sinistros dos que se deriven consecuencias graves para o municipio, así como por outros feitos cuxa gravidade xustifique a citada declaración.

2. Será acordado nun Pleno Extraordinario e urxente da Corporación Municipal, aprobando primeiro o loito oficial, que comportará que a bandeira do Concello ondee a media hasta durante os días que o Pleno determine.

3. En casos de urxencia, a declaración de loito oficial poderá efectuarse por Resolución de Alcaldía, da que se dará conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que este leve a cabo.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Concello poderá privar das distincións especificadas neste regulamento, calquera que sexa a súa data de concesión, a quen incorra en faltas que aconsellen esta medida extrema.

A privación deberá reunir os mesmos votos favorables que os esixidos para a concesión e seguir a tramitación previa do procedemento, establecido no título VII deste regulamento, no que lle sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira.—Todos os persoeiros ou entidades corporativas que estivesen actualmente en posesión dalgunha das distincións que sexan materia deste regulamento, ou as que lle foran recoñecidas por anteriores acordos municipais ditados en relación coas distincións enumeradas, continuarán co goce delas con todos os dereitos, honras e prerrogativas que lle son inherentes.

Segunda.—En relación co Himno municipal estarase ao disposto no acordo da Corporación Municipal do 27 de outubro de 1961, a expensas do que poida sinalarse dende a Consellería correspondente unha vez que se tramiten ante ela os expedientes correspondentes ao Escudo e a Bandeira, xunto coa alusión ao Himno municipal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Apróbese como anexo do presente regulamento o modelo tipo que regulará as distincións honoríficas e condecoracións, así como o contido mínimo dos distintos diplomas.

2. O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente, e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



ANEXO I**1.—LENDA DO DIPLOMA PARA FILLO/A PREDILECTO/A**

“O Concello de Ponteareas, interpretando o sentir xeral da súa veciñanza, concédelle a D/Dª. (nome e apelidos) o merecido e honroso título de Fillo/a Predilecto/a da Vila de Ponteareas como recoñecemento dos singulares méritos contrastados, traballando constantemente a prol dos intereses do seu municipio”.

Ponteareas, (Data)

O/A alcalde/sa
Asdo.

O/A secretario/a
Asdo.

2.—LENDA DO DIPLOMA PARA FILLO/A ADOPTIVO/A

“O Concello de Ponteareas, deixando constancia do seu agradecemento e interpretando o sentir xeral da súa veciñanza, hónrase concedéndolle a D/Dª. (nome e apelidos) o digno título de Fillo/a Adoptivo/a da Vila de Ponteareas, como público recoñecemento dos grandes méritos contraídos coa súa exemplar conduta, reiteradamente observada, a prol dos intereses deste municipio”.

Ponteareas, (Data)

O/A alcalde/sa
Asdo.

O/A secretario/a
Asdo.

3.—MEDALLA DO CORPUS CHRISTI

A Medalla do Corpus Christi terá unhas dimensións máximas de 6x4,5 cm. No seu anverso levará unha alegoría relacionada co alfombrado floral e no seu reverso o escudo do Concello, coa lenda “Medalla do Corpus Christi-Concello de Ponteareas”.

Visto o informe da Secretaria Xeral, do 15 de xuño de 2016.

Visto o dítame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior (Honras e Distincións) do 14 de xullo de 2016

Vista a proposta de consenso do 14 de xullo de 2016, para que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos:



“1º) Aprobar inicialmente o Regulamento de Protocolo, Cerimonial, Honras e Distincións do Concello de Ponteareas.

2º) Expoñer ó público mediante anuncio no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello o texto do Regulamento para efectos de reclamacións polo prazo de 30 días hábiles contados a partires do seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º) No caso de que non se presenten alegacións o texto considerárase definitivamente aprobado.”

RECURSOS.—Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Ponteareas, 30 de setembro de 2016.—O Alcalde, Xosé Represas Giráldez.

